

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de setembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia

D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día dezaseis de setembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1449).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1450).- PROPOSTA EN RELACIÓN COA CELEBRACIÓN DE EXPOMODA NA PRAIA DE SAMIL.

Dáse conta da proposta da Alcaldía que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 24 de xullo de 2008 D^a Daniela Vivanco en representación de DMS Comunicación, S.L. solicitou do concelleiro de Mobilidade, Transporte e Seguridade do Concello de Vigo “el espacio del Parking de Samil para la instalación de una carpa de 1.200 m. los días de 15 al 21/09/2008” con motivo da prevista celebración da 2^a edición de Expomoda en Vigo.

Con data 4 de agosto de 2008 o concelleiro acorda “autorizar a DMS Comunicación, S.L. a ocupación do espazo público para a celebración da 2^a edición de Expomoda en Vigo”.

Nas informacións de prensa publicadas o 16/09/08 recóllese que Expomoda é unha feira “Outlet” adicada a liquidación de stocks, con venda directa ao público.

Non consta neste concello solicitude ningunha de autorización para a realización dunha feira comercial no espazo e días indicados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Do indicado nos antecedentes resulta acreditado que tanto a solicitude formulada por DMS Comunicación, S.L. como a autorización outorgada polo concelleiro de Mobilidade, Transporte e Seguridade do Concello de Vigo, refírense única e exclusivamente a utilización dun espazo público para a instalación dunha carpa de 1,200 m. sen que, polo tanto, esta autorización se estenda as actividades que dentro do indicado espazo preténdense realizar, actividades para as que resultará imprescindible solicitar e obter a preceptiva autorización.

Se a intención de DMS Comunicación, S.L. é realizar unha feira dirixida ao público en xeral que ten por obxecto a venda directa con retirada de mercadoría, dato que nunca comunicou a este Concello, resulta claro que se trata dunha actividade sometida a autorización municipal ao tratarse de vendas realizadas fóra dun establecemento comercial e en espazos abertos con emprego de instalacións desmontables.

De acordo co establecido na ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos do Concello de Vigo, publicada no BOP do 27 de decembro de 1995, a autorización destas feiras será competencia da Comisión de Goberno tralo informe da Cámara de Comercio Industria e Navegación de Vigo, das asociacións de consumidores e usuarios e das asociacións empresariais da súa demarcación sobre a necesidade da súa instalación. Cumprirá tamén informe do Departamento de Seguridade e Tráfico e de se tratar da súa instalación en parques ou prazas axardinadas o do Departamento de Parques e Xardíns.

No acordo fixarase:

- Localización da feira ou mercado.
- Número de postos que poden instalarse.
- Días nos que se leva a cabo, que non poderá exceder por feira/mercado de dous á semana, dos cales un será festivo.
- Horario.
- Tipos de produtos que poden venderse.
- Bases para acceder, que estarán en conformidade con esta ordenanza.
- Normas de funcionamento e condicións para a autorización, que non poderán contradicir esta ordenanza.

Logo de ser autorizada unha feira ou un mercado, corresponderalle ao alcalde o outorgamento de licenzas para ocupación de postos fixos.

Corresponderalle á Comisión de Goberno a facultade de suprimir as feiras ou mercados. Esta facultade será discrecional e levará consigo a caducidade das licenzas outorgadas sen que proceda ningunha indemnización ou resarcimento.

Toda actividade incluída no ámbito de aplicación da Ordenanza realizada sen axustarse aos requisitos e procedementos establecidos está expresamente prohibida polo seu artigo 2.

Doutra banda o artigo 27 desta Ordenanza establece que o exercizo de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal dará lugar á retirada das instalacións, elementos e xéneros nelas situados.

Pois ben, do indicado nos antecedentes, resulta que a empresa DMS Comunicación, S.L. unicamente dispón da autorización municipal para a ocupación dun espazo público, sen que teña solicitado nin autorizado a realización nese espazo da actividade comercial que pretende realizar.

Polo exposto,

Requíreselle á empresa DMS Comunicación, S.L. para que se absteña de realizar ningún tipo de actividade comercial na carpa instalada no parking de Samil, ao carecer da preceptiva autorización, advertíndolle das responsabilidades en que pode incorrer de levar adiante estas actuacións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.